

En Doiro,
antr'o Porto e Gaia

Estudos de Literatura Medieval Ibérica



Organização

JOSÉ CARLOS RIBEIRO MIRANDA

revisão editorial

RAFAELA DA CÂMARA SILVA



estratégias criativas

PORTO

En Doiro, antr'o Porto e Gaia

Estudos de Literatura Medieval Ibérica





UNHA APROXIMACIÓN ÁS EXPRESIÓNS DO PRACER NAS *CANTIGAS DE SANTA MARIA**

DÉBORAH GONZÁLEZ

Universidade de Santiago de Compostela

deborah.gonzalez@usc.es

INTRODUCCIÓN

Il lessico delle emozioni nella lirica europea medievale é un proxecto europeo coordinado polo profesor R. Antonelli, que ten por finalidade estudar a expresión das emocións na lírica trobadoresca románica. Nel tivéronse en consideración cinco categorías emocionais complexas – TRITISTIA, LAETITIA, CUPIDITAS, TIMOR e IRA –, procurando o vocabulario utilizado na escola occitana, francesa, italiana e galego-portuguesa¹. Tomando este modelo como punto de partida, nas *Cantigas de Santa Maria* de Alfonso X aprécianse plasmadas esas cinco grandes esferas emocionais mediante o emprego dun voluminoso caudal léxico, aínda que se observan distintos niveis de representación e relevancia no conxunto da obra (como se presenta nun traballo anterior, destinado a ofrecer unha panorámica das expresións das emocións nesta obra afonsina)². No devandito proxecto que nos inspira, a categoría da LAETITIA comprende unha serie de macrolemas que poden remitir ao pracer, ao divertimento, á alegría e ao consolo. Nesta contribución,

* O presente traballo deriva das investigacións levadas a cabo no proxecto posdoctoral *Estudo léxico-semántico das Cantigas de Santa Maria (POS-A/2012/057, Plan I2C-Xunta de Galicia), desenvolvido no Centre for the Study of the Cantigas de Santa Maria da Universidade de Oxford e na USC.*

1. Pode consultarse máis información sobre este proxecto en: Roberto Antonelli, Mercedes Brea, Paolo Canettieri, Rocco Distilo, Lino Leonardi, *Il lessico delle emozioni nella lirica europea medievale e un nuovo database*, Roma, Grafica Editrice Romana, 2011. Máis en concreto para o ámbito da escola galego-portuguesa, Mercedes Brea, «La expresión de las emociones en la lírica gallego-portuguesa (primera aproximación)» en Alessio Decaria, Lino Leonardi (eds.), «*Ragionar d'Amore*». *Il lessico delle emozioni nella lirica medievale*, Firenze, Edizioni del Galluzzo per la Fondazione Ezio Franceschini, 2015, pp. 99-119.
2. Déborah González, «A expresión das emocións nas *Cantigas de Santa Maria*», en Mercedes Brea (coord.), *La expresión de las emociones en la lírica románica medieval*, Alessandria, Ed. dell'Orso, 2015, pp. 323-342.

temos por obxectivo fixar unha aproximación aos termos utilizados nas *Cantigas de Santa Maria* que serviron para expresar o pracer³.

PRAZER

Atendendo á expresión de tal emoción nas *Cantigas de Santa Maria*⁴, obsérvase que o macrolema máis recorrente é precisamente *prazer*⁵. En calidade de substantivo, *prazer* recóllese moi a miúdo formando parte do sintagma *aver prazer*, aínda que non é inusual encontralo xunto a outros verbos, como *fillar*, *prender*, *receber*, *acabar* (na CSM312: 67, co sentido «cumprir»), *veer*, *oir*, *viir a*. Aparece en ocasións xunto ao verbo *seer*, observándose sobre todo en enunciados condicionais do tipo *se for vosso prazer*, *se vos én prazer for*, *se for teu prazer*, *quando ll'en prazer for*, etc. Rexístrase *fazer prazer a* e *jazer én prazer*, que só parece reproducirse en tres ocasións, correspondendo en dúas ao sintagma en rima *se te jaz én prazer*. Ademais das ocorrencias onde o enunciado é negativo, rexístrase xunto ao verbo *perder*.

A construción *por prazer de* sobresaie por encontrarse sobre todo no inicio de varios versos, recorrentemente en relación á chamada *Groriosa*, e adoita seguirse dunha estrutura modificadora, talvez respondendo a un uso ocasionalmente próximo do formular. Apréciense como exemplos:

o judeu, começou logo | en voz alta e clara
a cantar «Gaude Maria», | que nunca tan ben cantara,
por prazer da Gloriosa, | que seus servos defende. (CSM6: 68-70).

Por veer o gran miragre | que a Virgen demostrara
de como aquel meninno | de morte ressucitara,

3. Cómpre advertir que esta división teórica non é sempre facilmente asumible na práctica, xa que boa parte dos termos que nese modelo se consideraron implicados na expresión das emocións poden asumir distintos matices no interior dos textos; ademais, nas cantigas marianas, o vocabulario relativo ás emocións aparece normalmente nun contexto desprovisto de detalles que poderían permitir afinar nos matices exactos. Por esta razón, teremos en consideración as expresións relativas ao pracer que aparecen no modelo e comentaremos outras que, eventualmente, poderían entenderse afíns
4. Os treitos da obra que se reproduzan seguirán a edición de Walter Mettmann (Alfonso X, *Cantigas de Santa Maria*, Madrid, Castalia, 1986, vol. 1, 1988 vol. 2, 1989, vol. 3), así como o seu sistema de numeración para as cantigas e os versos.
5. Resulta igualmente de uso recorrente nas cantigas profanas galego-portuguesas, e *plazer* fora xa utilizado polos poetas occitanos. Como advertía Glynnis Cropp (*Le vocabulaire courtois des troubadours de l'époque classique*, Genève, Slatkine, 1975, pp. 320-321), para estes últimos o termo podía equivaler a pracer ou felicidade, destacadamente aquel procedente do amor que inspiraba ao trovador e, polo tanto, achegándose a outros termos como *benanansa* e *baudor*; tamén foi empregado para facer referencia ao pracer cortés, aos favores outorgados pola dama e aos praceres sensuais.

que a cabo de seis días | jazendo morto chorara
por prazer da Groriosa, | santa e dereitureira. (CSM43: 75-78).

E viveu despois sa vida | quamanna Deus quis e quanta,
mui bõa, assi com' ome | que sempr' en seu ben avanta,
por prazer da Groriosa | que ao demo quebranta,
a que sempre peccadores | porende loores demos. (CSM336: 61-64).

Log' a oraçon da moller oyda
foi, e o menyo tornou en vida
por prazer da Virgen santa conprida,
que o fez no leit' u jazia bolir. (CSM21: 51-53).

E pois a poucos dias | foi-sse pera ssa terra
por prazer da que nunca | sa mercee enserra. (CSM218: 55-56).

Parece evidente que este tipo de expresión tamén serviría para manifestar vontade. Non sería o único caso: *prazer* pode vir complementado co posesivo na construción *a meul teul seu prazer*, equivalente a «a pracer ou a vontade de».

Na presentación dunha vivencia emocional pracenteira, especialmente cando se relaciona coa realización dun milagre, sobresa a ocasional asociación cunha manifestación física de grande carga significativa e que pode apreciarse como un signo da devoción, o choro⁶, dándose construcións do tipo *chorar con gran prazer*⁷:

Enton contou-lles o feito, | tremendo con gran pavor,
todo como ll' avëera; | e deron poren loor
todos a Santa Maria, | Madre de Nostro Sennor,
e a seu Fillo bëeyto, | chorando con gran prazer. (CSM104: 56-59).

6. Como se pode ler entre as explicacións de Barbara Rosenwein (*Emotional communities in the early Middle Ages*, New York, Cornell University Press, 2006, p. 44), o choro e as bágoas se presentan como multivalentes, xa que non só aparecen en contextos de mágoa e lamento, senón tamén noutros contextos en que personaxes fican embargados por emocións positivas. Ademais, as bágoas aparecen asociadas a outras experiencias relixiosas, como Piroška Nagy amosa en relación á Eucaristía («Larmes et eucharistie. Formes du sacrifice en Occident au Moyen Age central», en Nicole Bériou, Béatrice Caseau, Dominique Rigaux (eds.), *Pratiques de l'Eucharistie dans les Eglises d'Orient et d'Occident*, Paris, Études Augustiniennes, 2009, vol. II, pp. 1073-1109).
7. Algo semellante pode dicirse respecto da *alegría*, a partir da explicación localizada na parte conclusiva dun milagre de resurrección: «Todas estas maravillas, | loores poende deron / aa Virgen groriosa; | e a quantos llo disseron / bëeizeron o seu nome | e gran festa lle fezeron, / e ouv' y con alegría | muitas lagrimas choradas» (CSM323: 55-58).

Pois ouv' a pros' acabada, | Santa Maria loou
 que lla tan ben acabara, | e con gran prazér chorou.
 Mais a cabo dũa peça | a omage s'enclinou
 dela e mui passo disse: | «Muitas graças, meu sennor.» (CSM202: 37-40).

Quantos este feito viron, | tan toste lle consellaron
 que o fezzes', e foi feito; | e log' a Virgen loaron
 por tan fremoso miragre, | e con gran prazér choraron
 todos, gēollos ficados | con mui grandes devoções. (CSM305: 75-78).

E des que foi toda feita, | fez missa dizer aly
 da Virgen, mui ben cantada, | e mandou-sse levar y;
 e tan toste que foi dita, | per quant' end' eu aprendi,
 viu logu' e foi ben são, | e começou de chorar
Par Deus, non é mui sen guisa | de ss'ende mui mal achar...

De gran prazér que avia, | ca aquest' avñir sol
 que ome con prazér chora, | e diss' el: «Sennor, eu fol
 fui de que trobei por outra | dona, ca nihña prol
 non ouv' y aa mia coita. | Poren te venno jurar
Par Deus, non é mui sen guisa | de ss'ende mui mal achar... (CSM316: 45-54).

Ademais do substantivo, encóntranse os derivados *prazenteira* (na CSM312) e *prazenteiros* (na CSM409), ambos en posición de rima. Tamén o verbo aparece con bastante frecuencia en calidade de expresión rimante, en particular as formas de P3 do presente de indicativo (*praz*) e do futuro de subxuntivo (*prouguer*).

SABOR

Outro dos termos utilizados na plasmación desta emoción na obra mariana de Alfonso X é o substantivo *sabor* (derivado do latino SĀPOR, - ŌRIS). Aparece normalmente na construción *aver sabor*, que pode entenderse como «ter pracer», «compracerse» ou «gustar de algo», como acontece, por exemplo, entre os primeiros versos do milagre 8:

E por aquest' un miragre | vos direi, de que sabor
 averedes poy-l' oirdes, | que fez en Rocamador
 a Virgen Santa Maria, | Madre de Nostro Sennor; (CSM8: 7-9).

Noutros casos, *aver sabor* debe de poñerse sobre todo en relación á expresión da vontade, da ansia e do desexo, como se pode exemplificar, entre outros moitos casos, coa ocorrencia localizada na CSM16:

Mas o cavaleiro tant' avia gran sabor
de comprir o ano, cuidand' aver sa sennor,
que en un' ermida da Madre do Salvador
foi conprir aquilo que fora ant' obridar. (CSM16: 55-58).

Malia que o sintagma *aver sabor* é maioritario, o substantivo tamén se rexistra – de maneira máis illada – xunto a outros verbos, como *dar*, *receber*, *fillar* e *seer*. Por exemplo:

(«pracer»)
e eno seu parayso nos dar
gran sabor. (CSM390: 7-8).

que cedo sães e recibas sabor
per que possas ben viver. (CSM407: 48-49).

(«ansia»)
No tempo quando de mouros | foi o reino de Sevilla,
en aquela ssa eigreja | de Tudia maravilla
conteceu hũa vegada; | e mui gran sabor me filla
de dizer como foi esto | por averdes mais creença. (CSM344: 13-14).

[...] E as monjas arredor
do leito pousaron todas, | e seend' a gran sabor
catand' aquela omagen, | viron-lle mudar coor
na façe e düu lado | ao outro revolver. (CSM361: 40-42).

Reitérase nas construcións *con sabor (de)*, *con (mui) gran sabor (de)*, *a gran sabor* ou *a seu sabor*, aínda que poderían asociarse preferentemente á expresión do desexo ou da ansia por algo, por exemplo:

Ela con sabor daquesto | da farÿa lles furtou,
e depois que ss' eles foron, | log' a fazer sse fillou
feijooos ben come eles; | mais o demo a torvou, (CSM157: 15-17).

E pois sayr de Castela, | el Rey con mui gran sabor
ouve d'ir aa fronteira; [...] (CSM235: 80-81).

todos quantos lo viian, | e davan-lle con amor
panos e selas e frẽos | e outro muito bon don.
[...]
E el con sabor daquesto | ja mais non fazia al
senon remedar a todos, | ñus ben e outros mal; (CSM293: 12-13, 15-16).

e, pois Rey me fez, queira | que reyn' a seu sabor, (CSM401: 46).

O plural *sabores* ocorre nove veces, en sete das cales é rimante⁸. No caso das ocorrencias en plural, presenta a miúdo o sentido «pracer»; porén, adoita figurar en contextos en que é asociable unha percepción negativa, a partir dunha oposición entre os «praceres terrestres» fronte aos espirituais ou celestiais, dispoñéndose ás veces modificado: *sabores do mundo* (CSM14), *sabores rafeces* (CSM20) e *maos sabores* (CSM10; fronte a este, na CSM406 lese *bōos sabores*), ademais do metafórico «mas a carne non quería que | leixasse seus sabores» (CSM152: 19).

Da mesma familia léxica, rexístrase o adxectivo derivado *saboroso*, que se presenta co sentido «de gusto pracenteiro», «sabroso»: así na CSM152: 23 «chêa dun manjar mui jalne, | non de vida saborosa», na CSM225: 53 «e disse que lle soubera | a manjar mui saboroso», ou na CSM328: 15-18, onde enfaticamente se describen as marabillas do lugar chamado *Alcanate*, asociándose por efecto da rima os adxectivos *viçosa-saborosa-deleitosa*, reforzándose de tal maneira a noción de pracer:

Este logar jaz en terra | mui bōa e mui **viçosa**⁹
de pan, de vynno, de carne | e de fruita **saborosa**
e de pescad' e de caça; | ca de todo **deleitosa**
tant' é, que de dur seria | en un gran dia contado.

Como «gustoso» ou «pracenteiro» – non asociado ao padal –, aparece a miúdo como sinestesia, vinculado a outras dimensións sensoriais como o oído (do que poden tomarse como exemplos *cantavan saborosos cantos* ou *d' oir mui saboroso*, en relación á percepción auditiva do milagre que se vai narrar-cantar) ou tamén asociado ao olfato:

Abriu mui tost' a colmêa | e hũa capela viu
con seu altar estar dentro, | e a omagen cousiu
da Virgen cono seu Fillo | sobr' ele, e ar sentiu
un odor tan saboroso | que logo foi convertudo, (CSM208: 40-43).

Por último, rexístrase aínda o adverbio *saborosamente* en dúas cantigas (CSM158 e CSM237) e, en ambos os casos, a palabra pártese entre dous versos encabalgados, en contextos en que pode entenderse como «de maneira pracenteira ou agradable»:

-
8. Documentábase, ademais, o uso do derivado *dessabores*: «e que non ouvesen medo, | enquant' ali estevesen, / de perderen do seu nada | nen prenderen dessabores [...] Per omêes de sa terra. [...]» CSM379: 17-19.
9. Aquí e nas seguintes ocorrencias, a tipografía negra é miña.

E tiró-o do castelo | e disse-lle saborosa-
mente': «A Rocamador vai-te | e passa ben per Tolosa.» (CSM158: 22-23).

Pela mão a foy fillar | a Virgen groriosa,
ao camño a levou, | des i mui saborosa-
mente a cofortou; enton | diz: «Non sejas queixosa,
ca serás salva porque é | ja o demo batudo.» (CSM237: 84-87).

VIÇO

Nas cantigas profanas, o substantivo *viço* (a partir de VĪTĪUM) preséntase co sentido «pracer», «gozo», mais tamén, segundo o glosario de M. Rodrigues Lapa, como «brío» ou «gallardía» nunha cantiga escarniña de Alfonso X¹⁰. Paralelamente, o adxectivo *viçoso* aparece na lírica dos trovadores galego-portugueses baixo as acepcións «agradable», «contento», «satisfeito», «pracenteiro», «alegre»¹¹.

Nas *Cantigas de Santa Maria* o substantivo ocorre oito veces (cinco en singular, tres en plural). O valor de *viço* é «pracer», e ocasionalmente é apreciable certa connotación negativa pola súa asociación co pecado ou a vida terrenal, como se exemplifica cos versos:

mais tod' aquele viço que à carne praz
fazia, que ren non queria en leixar. (CSM93: 14-15).

U leixarán todos | os viços e as requezas,
di-lle que sofriste | con el[e] muitas pobreza. (CSM422: 19-20).

Non obstante, na maior parte das ocorrencias, o substantivo aparece en contextos que non achegan tal matiz, como se pode comprobar nos seguintes exemplos, onde *viço* equivale simplemente a «felicidade», «gozo», «pracer», incluso procedente da relación co divino:

Que nos dé en este mundo | a ffazer o sseu serviço
e nos guarde de peccado, | d'err' e de mao boliço,
ssi que todos merescamos | vivermos por senpr' en viço
con ela e con seu Fillo; | e poren «amen» cantade. (CSM253: 86-89).

10. Manuel Rodrigues Lapa, *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Vigo, Galaxia, 1970 [«Vocabulário galego-português», pp. 1-111], en Ernesto González Seoane, María Álvarez de la Granja, Ana Isabel Boullón Agrelo (coord.), *Dicionario de dicionarios do galego medieval*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2006, en *RILG: Recursos integrados da lingua galega* <<http://sli.uvigo.es/RILG/>>, s.v. *viço*, [12/01/2016].
11. Véxase González Seoane, Álvarez de la Granja, Boullón Agrelo (coord.), *Dicionario de dicionarios...*, s.v. *viçoso*; Manuel Ferreiro (dir.), *Glosario da poesía medieval profana galego-portuguesa*, Universidade da Coruña, <<http://glossa.gal>>, s.v. *viçoso*, [12/01/2016].

E pois lavou mui ben sas mãos, | diss' : «Ai, Virgen, que será
[...]
Se verei do Parayso, | o que ch' eu muito pidi,
algun pouco de seu viço | ante que saya daqui,
e que sábia do que ben obra | que galardón averá?» (CSM103: 16, 18-20).

Ambos fillaren ordin | teveron por gran viço,
e a Santa Maria | fezeron y serviço (CSM241: 89-90).

E desto fez un miragre | a que é chamado orto
dos viços do parayso, | na sa ygreja do Porto, (CSM357: 6-7).

Ademais, o substantivo puido pasar do campo do «pracer» ao do «lecer», segundo o exemplo que se recolle na CSM366, onde o termo se entende como «entretemento», «actividade recreativa»:

fillou-sse con seus falcões | que mudara no verã
a caçar, que é dos viços | do mundo un dos mayores. (CSM366: 22-23).

O adxectivo *viçoso* preséntase na colección cos valores «feliz», «contento» ou «satisfeito», do que son exemplos:

deu voces contra todos, | diss' : «Ay, de que pousada
me tirastes, mia madre, | u viçoso vivia!» (CSM241: 75-76).

E ela vivia
a mais viçosa dona | que viver poderia,
e quanto quera
tod' aquel seu amigo | lle dava e compria.
[...]
Assi ambos estiveron viçosos a seu talan, (CSM285: 91-94, 96).

O adxectivo tamén pode acadar outros valores non relacionados coa expresión dunha emoción, senón empregados nunha descrición física remitindo fundamentalmente para unha aparencia fermosa e agradable, do que poden tomarse como exemplos:

Desta razon fez miragre | Santa Maria, fremoso,
de Salas, por hũa moura | de Borja, e piadoso,
ca un fillo que avia, | que criava, mui viçoso,
lle morrera mui coitado | dũa [muy] forte doença. (CSM167: 5-8).

Dous monges foi que sayron | un día dun mōesteiro
pora averen conorte | do grand' affan e marteiro

que segund' ordin soffrian; | e tod' un dia enteiro
andaron riba dun rio, | ca era logar viçoso, (CSM254: 10-13).

Ond' un miragre que fez
vos direi, saboroso,
en Prad' a Sennor de prez,
en un logar viçoso,
u á
[...]
Hũa sa eigrej' aly,
mui fremosa capela, (CSM276: 5-9, 11-12).

GOIO

Un termo con cabida nesta colección afonsina, que, non obstante, é descoñecido na lírica profana¹², é *goio* (ademais das tres mencións ao cantar *Gaude Virgo Maria* no interior da cantiga 6), que corresponde ao resultado medieval galego a partir do latín

12. Segundo se desprende dunha breve pesquisa en Mercedes Brea, Pilar Lorenzo (dirs.), *MedDB2: Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, <www.cirp.es>, [12/01/2015]. Non obstante, *goio* reproducécese noutras obras medievais, nas que pode aparecer xunto a outros termos que remiten a nocións positivas, destacadamente *prazer*, por exemplo: «Et, se ante auiã tristeza et quebranto, tornou-selli en goyo et en plazer» (Ramón Lorenzo (ed.), *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario de -*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijóo, 1975, vol. I: Introducción, texto anotado e índice onomástico, p. 631, en *Corpus Xelmírez. Corpus lingüístico da Galicia medieval*, en *RILG*, [12/01/2016]), «Et começarō logo todos os cristãos cō goyo et cō alegría a chamar» (*ibidem*, p. 806); «ouverom ende tam grande alegría et tã grande goyo et plazer que nō poderia ãno mūdo mayor nem mays grande seer» (Kelvin M. Parker (ed.), *Historia Troyana. Edición e introducción de -*, Santiago de Compostela, Instituto Padre Sarmiento, 1975, p. 357 [Incorpora as correccións de Ramón Lorenzo, «Correccións á edición da Historia troyana de Parker», en *Verba* 9, 1982, pp. 253-290], en *Corpus Xelmírez...*, [12/01/2016]), «Et esto sería o meu prazer et o meu uiçoso goyo» (Ramón Lorenzo (ed.), *Crónica troiana. Introducción e texto*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1985, p. 477, en *Corpus Xelmírez...*, [12/01/2016]); «ca senpre o mūdo uiuera en prazer et en goyo et en paz se eu naçuda nō fora» (*ibidem*, p. 591).

GAUDIUM¹³, que significaba xa «pracer» ou «contento»¹⁴; se ben hoxe a forma utilizada corresponde a *gozo*. Segundo R. Lorenzo, *goio* resulta dunha evolución parella á doutros grupos con iode mais obedece a unha evolución estraña, xa que o resultado agardable sería «gouço» (de maneira semellante a AUDIO > *ouço*); a este respecto, habería que ter en conta o testemuño do adxectivo *gouçoso*, ao que alude Lorenzo, e que é así mesmo recollido por Parker no vocabulario da *Historia Troyana* e da *Cronica Troyana*¹⁵.

No interior das *Cantigas de Santa Maria*, o substantivo non acada unha alta representación. Subliñaremos que, das cinco ocorrencias rexistradas, en tres ocasións aparece na combinación *goio e riso* (en dúas, precede o adverbio *sempre*), localizada en posición de rima e, de maneira significativa, como eco próximo do rimante *Paraiso* (e subliñándose de tal maneira a noción da perpetua felicidade que se experimenta alí):

Por que tanto que morreres | vaas log' a **Parayso**
e non ajas outr' enpeço, | mais **senpre goyo e riso**, (CSM75: 118-119).

Guiar ben nos pod' o teu siso
mais ca ren pera **Parayso**
u Deus ten **senpre goy' e riso**
pora quen en el creer quisó;
e **prazer-m-ia**
se te **prazia**
que foss' a mia
alm' en tal compannia. (CSM100: 24-31).

E dest' un miragre vos contar quero
que en Frandes aquesta Virgen fez,
Madre de Deus, maravillos' e fero
por hũa dona que foi hũa vez
a sa eigreja
desta que seja
por nos, e veja-

13. A propósito dos derivados de GAUDIUM na lírica occitana, pode consultarse Cropp, *Le vocabulaire courtois...*, pp. 334-352.

14. Para máis información, consúltese Joan Corominas, José Antonio Pascual, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, Madrid, Gredos, 1980-1991, 6 vols., s.v. *gozo*.

15. Lorenzo, *La traducción gallega...*, vol. II: Glosario, en González Seoane, Álvarez de la Granja, Boullón Agrelo (coord.), *Diccionario de diccionarios...*, s.v. *goyo*, [12/01/2016]; Kelvin M. Parker, *Vocabulario de la Crónica Troyana*, Salamanca, Universidad, 1958 e *Vocabulario clasificado de los folios gallegos de la Historia Troyana*, Illinois, Applied Literature Press, 1977, ambos en González Seoane, Álvarez de la Granja, Boullón Agrelo (coord.), *Diccionario de diccionarios...*, s.v. *gouçoso*.

mo-la sa faz
no **Parayso**,
u Deus dar quiso
goyo e riso
a quen lle **praz**. (CSM139: 11-22).

A temática da obra puido favorecer a incorporación deste substantivo nalgunha das pezas, como talvez aconteceu co *goios* que se reproduce no título da primeira cantiga de loor: «Esta é a primeira cantiga de loor a Santa Maria, ementando os VII goyos que ouve de seu Fillo».

Na obra, tamén se empregaron o adxectivo *goioso* e o verbo *goir*, coa particularidade de se ofrecerem sempre en posición de rima. *Goir* aparece nas súas tres ocorrencias baixo a forma infinitiva na perífrase *poder goir* (CSM21, CSM76 e CSM143); preséntase o adxectivo *goiosos* na CSM171 (en asociación de rima a *miragres fremosos* na mesma estrofa), e figura en tres ocasións como *goiosa* (nas CSM78, CSM195 e CSM319).

DELEITO

Deleito e *deleitosa*, que non se len nas composicións profanas¹⁶, teñen algunha acollida nas cantigas a María. García-Sabell ofrece unha síntese sobre as opinións existentes sobre a orixe do substantivo, pois a crítica divídese en consideralo un provenzalismo ou xulgalo derivado do verbo *deleitar*¹⁷.

Deleito rexístrase só nunha ocasión (concretamente na CSM115: 98 fálase dun *fól deleito*, que fica en posición de rima), mentres que o adxectivo ocorre en dous milagres, as dúas veces en posición de rima e en relación a outros elementos que remiten ao pracer ou outras emocións positivas:

quando vir aberta-
mente que nascia
hũa **deleytosa**
rosa; poren sen referta
vaa y **goyosa**.» (CSM195: 145-149).

Este logar jaz en terra | mui bõa e mui **viçosa**
de pan, de vynno, de carne | e de fruita **saborosa**
e de pescad' e de caça; | ca de todo **deleitosa**
tant' é, que de dur seria | en un gran día contado.
Sabor á Santa Maria, | de que Deus por nos foi nado... (CSM328: 15-19).

16. *MedDB2*, [12/01/2016].

17. Teresa García-Sabell Tormo, *Léxico francés nos cancioneros galego-portugueses*, Vigo, Galaxia, 1991, s.v. *deleito* e *deleitosa*.

GASALLADO

Malia ocorrer unicamente tres veces no interior das *Cantigas de Santa Maria*, o substantivo *gasallado* ofrécese sempre como complemento de *aver* / *têer* e subliñado en posición de rima, dándose a particularidade de reaparecer dúas veces na CSM135. Na primeira estrofa desta composición contémpase entre o vocabulario das emocións, xa que pode lerse como sinónimo de «pracer»:

Desto vos quero dizer
per com' oý retraer,
un miragre, ond' aver
podedes gran gasallado
des que fordes entender
o que a Virgen fazer
e mostrar fôí no condado (CSM135: 8-14).

Nas outras dúas ocorrencias figura aparentemente cun sentido máis específico, como «pracer resultante de estar acompañado», valores que tamén se rexistran para o termo na lírica profana¹⁸.

Sen muito mal que fazia,
cada noyt' en drudaria
a hua sa druda ya
con ela tēer
seu gasallado; (CSM11: 18-22).

Ca log' ambo-los prendeu
e el en carcel meteu,
e pois que anoiteceu
con ela seu gasallado
quis aver; mas faleceu
y, ca log' adormeceu. (CSM135: 80-85).

18. Véxase, por exemplo, José Joaquim Nunes, *Cantigas d'amigo dos trovadores galego-portugueses*, Coimbra, Imprensa da Universidade, 1928, vol. III *Glossário*, en González Seoane, Álvarez de la Granja, Boullón Agrelo (coord.), *Dicionario de dicionarios...*, s.v. *gasalhado*. A expresión tamén se acolle no glosario das cantigas de escarnio de Manuel Rodrigues Lapa (*Cantigas d'escarnho...*, s.v. *gasalhado*), como «compañía», «compañeira», [12/01/2016].

OUTRAS EXPRESIÓNS

Ademais das expresións vistas, a lista de termos utilizados nas *Cantigas* para plasmar a noción de pracer podería incrementarse¹⁹. En primeiro lugar, sinalaremos a recorrencia de dous verbos ben coñecidos no galego medieval que tamén poderían ser apreciados en relación á expresión da alegría. Por un lado, *pagarse (de)* pode lerse cos sentidos «satisfacerse de (algo)», «contentarse de (algo)»; aparece, así mesmo, na forma pasiva *seer pagado de (algo)*. Por outra parte, o verbo *gradoar*, derivado de *grado*²⁰ e recorrente nas cantigas de tema amoroso da lírica profana, localízase no interior desta obra afonsina na CSM224 («Porque non podi' aver | fillo de que gradoasse» v. 25), co sentido «compracerse», «satisfacerse» ou «alegrarse».

Finalmente, nalgúns textos, *lezer* e *solaz*, substantivos tamén utilizados na lírica profana, puideron ser empregados en certa maneira para a expresión do pracer²¹. *Lezer* presenta 19 ocorrencias na colección das *Cantigas de Santa Maria* e significativamente sempre se subliña no interior das composicións pola súa condición de expresión rimante. Aínda que equivale a «vagar» e «descanso», ás veces parece implicarse máis claramente a noción de «pracer», «contentamento» (en ocasións, introducido por preposición, *a lezer* ou *a gran lezer*)²², como nos exemplos seguintes:

E daquest' un gran miragre | vos direi, que eu oy
que fezo Santa Maria; | oyde-mio a lezer: (CSM104: 8-9).

E dest' un miragre, de que gran sabor
averedes, direi que fez a Sennor,
a Madre de Deus, por un emperador;
e eno oyrdes fillad' y lezer. (CSM131: 6-9).

El cuitad' assi andando,
un dia foi que chegou
a Cunnegro, e entrando

19. Lembraremos que, como punto de partida, tomamos como referencia o modelo disposto no referido proxecto europeo, pero a clasificación teórica dos macrolemas en cinco categorías emocionais resulta con frecuencia problemática na práctica, xa que o vocabulario utilizado na expresión das emocións pode rexistrar múltiples matices.

20. No entanto, debe terse en consideración que, no caso do substantivo *grado* (do latín GRATU, «agradable», «agradecido»), se confunden os sentidos «gusto», «desexo» e «vontade», especialmente na expresión maioritaria *de grado*.

21. Porén, segundo a clasificación do proxecto europeo tomado como referencia, corresponderían ao entretemento ou divertimento.

22. Con todo, adoita figurar en enunciados negativos do tipo *sen lezer*, *sen fillar neun lezer*, *non prender* e *non dar lezer*.

na eigreja, ascuitou
 e oyu como cantavan | vespervas a gran lezer
 da Virgen santa Reÿa; | e quis con eles erger
 [...]
 Sa voz, e ssa voontade
 e ssa punna y meteu. (CSM156: 34-39).

Con todo, a falta de maiores detalles sobre a vivencia emocional nas narracións pode tornar dubidoso o sentido exacto da expresión. Así acontece, por exemplo, na CSM212, onde se narra como unha boa dona de Toledo, por un costume local, cedía un rico sartal da súa pertenza ás mozas pobres do lugar para que puidesen casar; un día, e a pesar de que o marido lle prohibira continuar con esta tradición, deixoullo a unha muller que lle rogaba o favor para que a súa filla puidese casar. O conflito desencadénase cando rouban o sartal e a dona, coñecedora da mala nova, con temor do seu home acode implorante á Virxe. Neste contexto concreto podemos entender, no último verso da cobra que se reproduce a continuación, coita co sentido de «angustia»²³ e *lezer* como «folgo», «alivio» ou «pracer»:

A dona con mui gran medo | do marid' esmorreceu,
 e foi-ss' a Santa Maria | e en prezes sse meteu
 ant' a sua Majestade, | e chorou mui' e gemeu
 e pediu-lle que aquesta | coita tornass' en lezer. (CSM212: 41-44).

Para concluír esta aproximación ao vocabulario do pracer na obra afonsina, referirémonos a *solaz* (que remite ao étimo latino SOLACIUM), introducido na lingua galega a través do occitano *solatz*, «pracer». En vista desta orixe, merecerá a pena detérmonos nas explicacións que ofrece G. Cropp sobre o seu uso entre os trobadores da escola d'oc²⁴. Segundo a investigadora, o sentido etimolóxico persistiría en certa maneira e acepta unha

-
23. Como é sabido, *coita* é un substantivo altamente recorrente na produción lírica trobadoresca galego-portuguesa, tanto no corpus profano como nas *Cantigas de Santa Maria*. O termo pode remitir a unha dor física ou a unha emoción; moi a miúdo aparece recollido nos glosarios como «dor», «sufriemento» ou «pesar», aínda que pode ser máis rico en matices, como se pode deducir na narración desta cantiga, non constituíndo o único caso en que *coita* equivalería fundamentalmente a «angustia» no corpus das composicións marianas (algúns exemplos que nos parecen claros deste uso recóllense comentados en Déborah González, «Perigos e medos nas *Cantigas de Santa Maria: Do mar e dos seus tormentos*», en *Revista de Literatura Medieval Medieval*, 28 (2016), pp. 203-224. Sobre os valores do termo *coita* e derivados na lírica trobadoresca, especialmente na occitana e na galego-portuguesa, remitimos a Antonio A. Domínguez Carregal, *O léxico da coita amorosa na lírica galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Tese de doutoramento [inedita], 2015).
24. Cropp, *Le vocabulaire courtois...*, pp. 327-334.

aproximación entre as nocións GAUDIUM e CONSOLATIO en San Paulo, e sobre todo polo uso destes dous termos en asociación á expresión SOLATIUM por parte de Santo Agostiño. Así mesmo, Cropp sinala que nos textos trobadorescos occitanos non sempre é fácil determinar cal era a forma desa consolación. Ás veces, *solatz* pode entenderse utilizado para referirse ao pracer sensual, e as nocións da ledicia e do consolo ficarían máis estreitamente asociadas mediante o emprego de fórmulas como *joi e solaz*. Considerando que as palabras poden proporcionar consolo, *solatz* sería cada vez máis usado co sentido de conversación, como unha calidade positiva da dama e mesmo nalgún texto se propón o *bels solaz* como un ingrediente da sedución. A partir desta acepción, *solatz* significaría tamén, en palabras de Cropp, «la gaieté harmonieuse des relations sociales qui se manifeste particulièrement dans l'art de la conversation. *Solatz* évoque donc la participation à la vie de cour et à tous les divertissements»²⁵, de tal modo que descrições do tipo: «Qu'es cortes e plazens, / Umils, de bel solatz», Cropp parafraseaa por «car il (le roi Alphonse) est courtois, aimable, humble et bien sociable»²⁶. Finalmente, tratándose dun termo positivo, relacionable á plasmación do pracer e da alegría, é tamén expresión da sociedade cortés, asociado de maneira máis particular ás palabras *chant* e *chantar*, así como á idea de que mediante o seu cantar o trobador ansiaba consolarse e expoñer os seus sentimentos.

Ao procurarmos o termo na produción trobadoresca en galego-portugués, encontramos que foi utilizado en seis cantigas da lírica profana²⁷: empregado en dúas cantigas de don Dinis (25,12 e 25,77), noutras dúas de Pero da Ponte (120,6 e 120,21), nunha cantiga de Estevan da Guarda (30,16) e noutra de Martin Moxa (94,15), estimándose distintos matices no seu significado: «consolo», «pracer», «alivio», «diversión», «pracer sexual», e en consonancia co valor destacado por Cropp en relación á sociedade cortés, tamén «conversación»²⁸.

Nas *Cantigas de Santa Maria* reproducense no interior de 15 textos. Ocorre sempre en posición de rima, en ocasional relación a outros termos que poden remitir ao pracer ou ao consolo, como son *praz* e *paz*. Figura como complemento de *aver* e doutros verbos como *veer*, *têer*, *seer* ou *perder*.

26. *Ibidem*, p. 332.

26. *Ibidem*, p. 333.

27. Segundo a edición de referencia e acollida en *MedDB2: Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*, e tomo a numeración empregada nesta mesma fonte.

28. Unha distribución destas acepcións, pode verse en García-Sabell Tormo, *Léxico francés...*, s.v. *solaz*. Chama a atención que apareza normalmente en posición de rima: a única excepción é a cantiga de Martin Moxa, onde figura no comezo do verso (porén, pode apreciarse certo eco da palabra *paz* que comeza o verso inmediatamente anterior: «paz, cortesía, / solaz que avia / fremoso poder / quand' alegría / vevya / no mund' e fazia / muyt' a 'lguen prazer» (segue a edición de referencia acollida en *MedDB2: Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*, 94,15 [12/01/2016]). Na cantiga 120,6 relaciónase pola rima con *paz*, nas cantigas 25,77 e 30,16 con *praz*, do verbo *prazer*, así como na 25,12 con *praz*, *assaz* e *faz*. Na 120,21 asóciase con *faz* e *jaz*.

Preséntase con matices semánticos diversos. Nuns casos pode entenderse sobre todo equivalente a «consolo», como na CSM115:

Ela seja teu **solaz**
 ate ena mannãa
 que direi eu, se lle **praz**,
 missa pela luz chãa
 e comungar-t-ei en **paz**,
 e a ta alma sãa
 e certãa
 será de **Parayso**,
 u á **riso**
sempre e alegria.» (CSM115: 263-271).

Na CSM353, a expresión *en solaz* foi considerada por Mettmann como «por brincadeira» e por García-Sabell como «por diversión». Non obstante, talvez podería lerse en relación á expresión do consolo:

O abad' ao menynno | viu-lle cambiar a faz
 e ar enmagreecer muito, | e disso com' en solaz
 ao menyo: «Meu fillo, | se tu non comes assaz,
 eu te darei ben que cómias, | ca te vejo magr' andar.» (CSM353: 66-69).

Parece funcionar como sinónimo de «pracer», «contento» na CSM12:

E sen aquest', os judeus | fezeran ùa cruz fazer
 en que aquela omagen | querian logo pōer.
 E por est' ouveron todos de morrer,
 e tornou-xe-lles en doo seu solaz. (CSM12: 31-34).

En varios textos pode estimarse equivalente a «entretemento social», «recreación pracenteira» ou «divertimento», por exemplo:

En aquela praç' avia | un prado mui verd' assaz,
 en que as gentes da terra | yan tēer seu **solaz**
 e jogavan à pelota, | que é jōgo de que **praz**
 muit' a omēes mancebos | mais que outro jog' atal. (CSM42: 17-20).

Ond' avēo ena noite | de Navidad', en que faz
 Santa Ygreja gran festa, | que as monjas por solaz
 fezeron mui rico leito, | e come moller que jaz
 deitaron y a omagen | e fezerō-na jazer (CSM361: 35-38).

Así mesmo, pode aparecer en relación ao «pracer sensual», como acontece de maneira algo máis evidente nas cantigas 105 e 135:

E quando os prazos foron chegados,
fezeron vodas; e depois jantar
foron os novios ambos enserrados
de ssuun por averen seu solaz. (CSM105: 44-47).

E logo tost' e viaz
fezeron vodas assaz
onrradas e muit' en paz;
e pois ouveron jantado,
o novio fez como faz
novio a novia en solaz; (CSM135: 152-157).
Mais la figura da Virgen mui sagen
diss' a seu Fillo: «Di-lle sen tardar
que non ss' espante,
mais tigo jante
u sempre cant' e
aja solaz
e seja quito
do mui maldito
demo que scrito
é por malvaz.» (CSM139: 39-48).

Do mesmo modo que na produción occitana, aparece formando parte da caracterización dos personaxes en valoracións do tipo: *muit' es de mal solaz* no interior da CSM47: 30, «e ar mui leterado e de bon solaz» no interior da CSM93: 13, e de maneira semellante pode lerse «e leterado e de bon solaz» na CSM404: 17.

CABO

O termos que serviron para manifestar o pracer, aquí brevemente presentados, son só unha parte dos conformantes da categoría LAETITIA, pois nesta aínda terán cabida outras expresións utilizadas nesta obra afonsina que poderán remitir preferentemente ao divertimento, á alegría e ao consolo. Así pois, apréciase o aquí exposto como unha pequena contribución ao estudo do vocabulario das emocións nunha obra que a miúdo, e non sen razón, se considera como un tesouro da lingua galego-portuguesa. Ademais, como tivemos ocasión de expoñer, as expresións do pracer poden acadar maior valor como ingredientes da linguaxe poética, grazas ao seu uso recorrente en posición de rima. Probablemente, isto colaboraría tanto na creación dunha atmosfera emocional máis intensa, como nunha mellor recepción da mensaxe devocional que se ansiaría transmitir.